# WE REFUGEES

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
30 de setembro ao 17 de outubro de 2019

DIRECCIÓN: Santiago Olmo, Piedad Solans
CORDINACIÓN: Gema Baños




Carole Alfarah: *Rebuilding... Life. Love. Memories*, 2012-2017.
Cortesía da artista

A historia do século XX está atravesada polo drama de conflitos bélicos cuxo resultado foron millóns de persoas desprazadas, exiliadas, expatriadas e refuxiadas. Dramas colectivos e dramas individuais. A propia historia da humanidade construíuse a partir de experiencias como o desprazamento forzoso, a fuxida e o asilo. A exposición *We Refugees* retoma o título dun coñecido ensaio de Hannah Arendt publicado en 1943 en *Menorah Journal*, unha revista xudía de Nova York, co obxectivo de indicar e sinalar a universalidade do exilio e a construción de sociedades democráticas ao amparo do dereito de asilo.

Para completar e acompañar a exposición deseñouse un completo programa de actividades que comezou no mes de maio con senllos seminarios, dirixidos por Matías G. Rodríguez-Mouriño e Santiago Olmo, e centrados respectivamente nas manifestacións musicais e literarias do exilio e os refuxiados.

Nos meses de setembro e outubro daráselle voz a algúns dos artistas participantes na exposición a través de diversas actividades como un taller dirixido por Elo Vega e Rogelio López Cuenca, unha conversación de Carole Alfarah co co-comisario da exposición Santiago Olmo, unha conferencia de Claudio Zulian e unha *performance* de Jesús Palomino. Doutra banda, abordaranse tamén aspectos específicos da experiencia dos refuxiados a través da mirada crítica de especialistas ou estudosos como a co-comisaria da exposición Piedad Solans, o crítico e historiador Manuel García, experto no exilio republicano español, e o catedrático de Historia Contemporánea da USC, Lorenzo Fernández Prieto.

La historia del siglo XX está atravesada por el drama de conflictos bélicos cuyo resultado han sido millones de personas desplazadas, exiliadas, expatriadas y refugiadas. Dramas colectivos y dramas individuales. La propia historia de la humanidad se ha construido a partir de experiencias como el desplazamiento forzoso, la huida y el asilo. La exposición *We Refugees* retoma el título de un conocido ensayo de Hannah Arendt publicado en 1943 en *Menorah Journal*, una revista judía de Nueva York, con el objetivo de indicar y señalar la universalidad del exilio y la construcción de sociedades democráticas al amparo del derecho de asilo.

Para completar y acompañar la exposición se ha diseñado un completo programa de actividades que comenzó en el mes de mayo con sendos seminarios, dirigidos por Matías G. Rodríguez-Mouriño y Santiago Olmo, y centrados respectivamente en las manifestaciones musicales y literarias del exilio y los refugiados.

En los meses de septiembre y octubre se dará voz a algunos de los artistas participantes en la exposición a través de diversas actividades como un taller dirigido Elo Vega y Rogelio López Cuenca, una conversación de Carole Alfarah con el co-comisario de la exposición Santiago Olmo, una conferencia de Claudio Zulian y una *performance* de Jesús Palomino. Por otro lado, se abordarán también aspectos específicos de la experiencia de los refugiados a través de la mirada crítica de especialistas o estudiosos como la co-comisaria de la exposición Piedad Solans, el crítico e historiador Manuel García, experto en el exilio republicano español, y el catedrático de Historia Contemporánea de la USC, Lorenzo Fernández Prieto.

### PROGRAMA

DO 30 DE SETEMBRO AO 2 DE OUTUBRO
10:00-14:00 h Taller de artista de Elo Vega e Rogelio López Cuenca

XOVES 3 DE OUTUBRO
18:00 h Conversa entre Elo Vega e Rogelio López Cuenca
19:00 h Conversa entre Carole Alfarah e Santiago Olmo
20:00 h *Voz e (in)diferencia,* presentación, e *READING_State of Siege, performance* do artista Jesús Palomino

MÉRCORES 9
17:00-20:00 h Seminario *De Los ensacados de Goya á configuración espacial do* campo. *Unha cartografía do espazo residual,* impartido por Piedad Solans

XOVES 10 DE OUTUBRO
16:00-19:00 h Seminario *De Los ensacados de Goya a la configuración espacial del* campo. *Una cartografía del espacio residual,* impartido por Piedad Solans
19:00 h Conferencia do artista Claudio Zulian

### PROGRAMA

DEL 30 DE SEPTIEMBRE AL 2 DE OCTUBRE
10:00-14:00 h Taller de artista de Elo Vega y Rogelio López Cuenca

JUEVES 3 DE OCTUBRE
18:00 h Conversación entre Elo Vega y Rogelio López Cuenca
19:00 h Conversación entre Carole Alfarah y Santiago Olmo
20:00 h *Voz e (in)diferencia*, presentación, y *READING_State of Siege, performance* del artista Jesús Palomino

MIÉRCOLES 9
17:00-20:00 h Seminario *De Los ensacados de Goya a la configuración espacial del* campo. *Una cartografía del espacio residual,* impartido por Piedad Solans

JUEVES 10 DE OCTUBRE
16:00-19:00 h Seminario *De Los ensacados de Goya a la configuración espacial del* campo. *Una cartografía del espacio residual,* impartido por Piedad Solans
19:00 h Conferencia del artista Claudio Zulian

VENRES 11 DE OUTUBRO

18:00 h Conferencia de Manuel García *Tres artistas del exilio: Max Aub, Felix Candela y Josep Renau*, seguida dun coloquio con Manuel García e Lourenzo Fernández Prieto

XOVES 17 DE OUTUBRO

19:00 h Visita guiada á exposición *We Refugees* co co-comisario e director do CGAC Santiago Olmo

**ELO VEGA** (Huelva, 1967) e **ROGELIO LÓPEZ CUENCA** (Nerja, Málaga, 1959). Artistas visuais e investigadores traballan conxuntamente desde 2005 en proxectos de investigación e creación, traballos artísticos que son, ao mesmo tempo, dispositivos de crítica da cultura como instrumento político. Xuntos despregan a súa actividade mediante producións audiovisuais, exposicións, publicacións, intervencións en espazos públicos e traballos na Rede, realizados na súa maioría en colaboración con outros artistas ou con estudantes e investigadores de diversas disciplinas.

**CAROLE ALFARAH** (Damasco, Siria, 1981). Narradora visual, produtora e editora de imaxes de orixe siria con residencia entre Madrid e Beirut. Utiliza relatos visuais para dar cobertura a problemas sociais e humanitarios. A súa obra foi difundida por numerosos medios, ONG e axencias de prensa internacionais.

**JESÚS PALOMINO** (Sevilla, 1969). O seu traballo máis recente concrétase en proxectos específicos vinculados coa arte participativa e as políticas do espectador. Todos eles baséanse en situacións reais que esixen unha reflexión urxente e foron deseñados para ofrecer un comentario estético sobre temas como os dereitos humanos, a ecoloxía, o diálogo cultural e a crítica democrática.

**PIEDAD SOLANS** (Madrid, 1954). Doutora en Historia da Arte, comisaria e teórica independente. A súa obra investiga nas estruturas da violencia (patriarcal, sociopolítica, ideolóxica, bélica ou poscolonial) a través da arte, a teoría e a historia postestruturalista. Realiza a súa investigación no contexto árabe e musulmán, acerca dos feminismos, as políticas da *subalternidad*e e as novas tecnoloxías.

**MANUEL GARCÍA** (Tánxer, 1944), crítico e historiador da arte. Experto no exilio republicano español é autor, entre outros de seguintes títulos: *Exiliados. Diccionario biográfico del exilio cultural valenciano* (Valencia, 1995), *Homenaje a Manuela Ballester* (Valencia, 1996), *El universo de Max Aub* (Valencia, 2003), *Textos sobre artes. Max Aub* (Valencia, 2005), *Josep Renau fotomontador* (Instituto Cervantes, 2009) e *Memorias de posguerra* (Universidad de Valencia, 2014).

**LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO** (Ribadeo, Lugo, 1961) é catedrático de Historia Contemporánea do departamento de Historia da USC e coordinador do grupo de investigación Histagra, sobre historia agraria e política do mundo rural. Participou como coordinador en diversos proxectos de investigación sobre a historia agraria, a guerra e a ditadura. Entre eles destaca Nomes e Voces, un proxecto interuniversitario dedicado ao estudo da represión franquista durante a Guerra Civil e a ditadura en Galicia.

**CLAUDIO ZULIAN** (Campodarsego, Padua, Italia, 1960) é doutor en Estética, Ciencia e Tecnoloxía das Artes, pola Universidade de París-Saint Denis. Autor dunha obra multiforme que abarca o cinema, a televisión, as artes visuais, a música, o teatro e a literatura. Unha parte importante da súa obra caracterízase por unha sensibilidade cara ao social e político, e a procura da especificidade en cada medio no que traballa.

VIERNES 11 DE OCTUBRE

19:00 h Conferencia de Manuel García *Tres artistas del exilio: Max Aub, Felix Candela y Josep Renau*, seguida de un coloquio con Manuel García y Lourenzo Fernández Prieto

JUEVES 17 DE OCTUBRE

19:00 h Visita guiada a la exposición *We Refugees* con el co-comisario y director del CGAC Santiago Olmo

ELO VEGA (Huelva, 1967) y ROGELIO LÓPEZ CUENCA (Nerja, Málaga, 1959). Artistas visuales e investigadores, trabajan conjuntamente desde 2005 en proyectos de investigación y creación, trabajos artísticos que son, al mismo tiempo, dispositivos de crítica de la cultura como instrumento político. Juntos despliegan su actividad mediante producciones audiovisuales, exposiciones, publicaciones, intervenciones en espacios públicos y trabajos en la Red, realizados en su mayoría en colaboración con otros artistas o con estudiantes e investigadores de diversas disciplinas.

CAROLE ALFARAH (Damasco, Siria, 1981). Narradora visual, productora y editora de imágenes de origen sirio con residencia entre Madrid y Beirut. Utiliza relatos visuales para dar cobertura a problemas sociales y humanitarios. Su obra ha sido difundida por numerosos medios, ONG y agencias de prensa internacionales.

JESÚS PALOMINO (Sevilla, 1969). Su trabajo más reciente se concreta en proyectos específicos vinculados con el arte participativo y las políticas del espectador. Todos ellos se basan en situaciones reales que exigen una reflexión urgente y fueron diseñados para ofrecer un comentario estético sobre temas como los derechos humanos, la ecología, el diálogo cultural y la crítica democrática.

PIEDAD SOLANS (Madrid, 1954). Doctora en Historia del Arte, comisaria y teórica independiente. Su obra investiga en las estructuras de la violencia (patriarcal, sociopolítica, ideológica, bélica o postcolonial) a través del arte, la teoría y la historia posestructuralista. Realiza su investigación en el contexto árabe y musulmán, acerca de los feminismos, las políticas de la *subalternidad* y las nuevas tecnologías.

MANUEL GARCÍA (Tánger, 1944), crítico e historiador del arte. Experto en el exilio republicano español es autor, entre otros de siguientes títulos: *Exiliados. Diccionario biográfico del exilio cultural valenciano* (Valencia, 1995), *Homenaje a Manuela Ballester* (Valencia, 1996), *El universo de Max Aub* (Valencia, 2003), *Textos sobre artes. Max Aub* (Valencia, 2005), *Josep Renau fotomontador* (Instituto Cervantes, 2009) y *Memorias de posguerra* (Universidad de Valencia, 2014).

LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO (Ribadeo, Lugo, 1961) es catedrático de Historia Contemporánea del departamento de Historia de la USC y coordinador del grupo de investigación Histagra, sobre historia agraria y política del mundo rural. Participó como coordinador en diversos proyectos de investigación sobre la historia agraria, la guerra y la dictadura. Entre ellos destaca Nombres y Voces, un proyecto interuniversitario dedicado al estudio de la represión franquista durante la Guerra Civil y la dictadura en Galicia.

CLAUDIO ZULIAN (Campodarsego, Padua, Italia, 1960) es doctor en Estética, Ciencia y Tecnología de las Artes, por la Universidad de París-Saint Denis. Autor de una obra multiforme que abarca el cine, la televisión, las artes visuales, la música, el teatro y la literatura. Una parte importante de su obra se caracteriza por una sensibilidad hacia lo social y político, y la búsqueda de la especificidad en cada medio en el que trabaja.

CGAC
DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631/02 / cgac.pedagogia@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2021 galicia